

deiros de «*Erwinia amylovora*» en e pola zona protexida contra o devandito organismo nocivo son os establecidos no anexo IV (B) 21 do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, e segundo o anexo V (A) II. 1.3 deste é preceptivo o pasaporte fitosanitario de acompañamento –modalidade zona protexida– tanto para o material orixinario da zona protexida como para o introducido desde unha zona non protexida. Así mesmo, as colmeas deberán cumprir os requisitos dispostos no anexo IV (B) 21.3 do citado real decreto.»

Nove. Suprímese o artigo 12.

Dez. O anexo II queda redactado da seguinte forma:

«ANEXO II

Relación de importes unitarios máximos das indemnizacións

Plantacións novas: 7.820,97 euros/hectárea.

Plantacións en plena produción:

- a) Plantación intensiva: 17.419,44 euros/hectárea.
- b) Plantación normal: 13.508,95 euros/hectárea.
- c) Árbore illada: 19,20 euros/unidade.

Árbores e arbustos ornamentais illados: 19,20 euros/unidade.

Ornamentais: calquera especie intensiva, 1,42 euros/unidade.

Viveiros: 50 por cento do valor comercial.»

Once. Suprímese o anexo III.

Disposición adicional única. *Actualización das referencias legais do Real decreto 1201/1999, do 9 de xullo, polo que se establece o programa nacional de erradicación e control do lume bacteriano das rosáceas.*

As referencias ao Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro, relativo ás medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Económica Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, entenderanse feitas ao Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.

Así mesmo, as correspondentes referencias á Directiva 77/93/CEE do Consello, do 21 de decembro de 1976, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade e á Directiva 92/76/CEE da Comisión, do 6 de outubro, pola que se recoñecen zonas protexidas na Comunidade expostas a riscos fitosanitarios específicos entenderanse feitas á Directiva 2000/29/CE do Consello, do 8 de maio de 2000, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación na Comunidade, e á Directiva 2001/32/CE da Comisión, do 8 de maio de 2001, pola que se recoñecen determinadas zonas protexidas na Comunidade expostas a riscos fitosanitarios específicos e se derroga a Directiva 92/76/CEE, respectivamente.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 22 de decembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA

XEFATURA DO ESTADO

21600 *REAL DECRETO LEI 16/2005, do 30 de decembro, polo que se modifica o réxime transitorio de adaptación das comisións de control dos plans de pensións de emprego e se regula a adaptación de determinados compromisos por pensións vinculados á xubilación.* («BOE» 313, do 31-12-2005.)

I

A orixinaria Lei 8/1987, do 8 de xuño, de regulación dos plans e fondos de pensións, estableceu o requisito de maioría absoluta de representación dos partícipes nas comisións de control dos plans de pensións do sistema de emprego.

A Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2002, modificou, entre outros, o artigo 7.3 da Lei 8/1987, do 8 de xuño, establecendo o sistema de representación paritaria do promotor ou promotores (alínea a), con carácter xeral, así como certos requisitos para a adopción de acordos sobre determinadas materias (alíneas b e c), concedendo habilitación para o desenvolvemento regulamentario.

Para os plans de pensións de emprego preexistentes en 1 de xaneiro de 2002, a citada Lei 24/2001, do 27 de decembro, concedeu un prazo de adaptación das comisións de control ao previsto no devandito artigo 7.3 mediante acordo colectivo, transcorrido o cal, de non se ter adoptado o devandito acordo, se aplicará directamente.

Os devanditos preceptos intégranse actualmente no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro (artigo 7.3 e antepenúltimo parágrafo da disposición transitoria segunda).

O artigo 30 do Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, desenvolve o artigo 7.3 do texto refundido da lei, habilitando a negociación colectiva para adoptar unha composición distinta da paritaria.

En virtude do Real decreto lei 10/2004, do 23 de decembro, o prazo de adaptación das comisións de control preexistentes estendeuse ata o 31 de decembro de 2005.

En consecuencia, as comisións de control dos plans de emprego formalizados antes do 1 de xaneiro de 2002 deberanse adaptar ao previsto no artigo 7.3 do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións mediante acordos expresos de negociación colectiva, de forma que, en caso contrario, a partir do 1 de xaneiro de 2006 será de aplicación directa o devandito artigo, é dicir, o criterio xeral de composición paritaria e réxime de acordos sobre determinadas materias.

Por este real decreto lei modifícase o antepenúltimo parágrafo da disposición transitoria segunda do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de

pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro, de forma que as comisións de control dos plans de pensións do sistema de emprego existentes antes do 1 de xaneiro de 2002 poderán manter a súa composición.

O parágrafo que se modifica, na redacción dada pola Lei 24/2001, do 27 de decembro, estableceu un prazo de 3 anos contados desde o 1 de xaneiro de 2002, ampliado posteriormente ata o 31 de decembro de 2005, para a adaptación das comisións de control dos plans de emprego preexistentes ao previsto no punto 3 do artigo 7 da propia Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, transcorrido o cal, de non se ter acordado a adaptación, se aplicará directamente. O devandito punto 3 do artigo 7 inclúe tres alíneas: a alínea a) establece a composición paritaria da comisión de control con carácter xeral, e as alíneas b) e c) establecen uns requisitos mínimos para a adopción de acordos relativos a determinadas materias. A modificación realizada por este real decreto lei na norma transitoria afecta só a composición das comisións de control, permitindo que as anteriores ao 1 de xaneiro de 2002 manteñan a súa composición sen necesidade de se adaptar ao previsto na citada alínea a). En cambio, mantense vixente a obriga de se adaptar ao previsto nas alíneas b) e c) do punto 3 do artigo 7, dentro do prazo que finaliza o 31 de decembro de 2005, de forma que, de non se ter realizado a adaptación, se aplicarán directamente a partir do 1 de xaneiro de 2006.

II

Por outra parte, a disposición adicional décimo quinta da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, ampliou o prazo de exteriorización de determinados compromisos por pensións vinculados á xubilación, os coñecidos como «premios de xubilación» ou denominacións similares, establecidos en convenios colectivos sectoriais ou supraempresariais, vinculados á permanencia do traballador na empresa ou sector ata a xubilación, e consistentes nunha prestación pagadoira por unha soa vez no momento do cesamento por xubilación.

A devandita disposición adicional estableceu a posibilidade de instrumentar tales compromisos en plans de pensións de emprego de promoción conxunta, habilitando expresamente os representantes de empresas e traballadores no ámbito supraempresarial para a promoción dos devanditos plans, aos cales se poderán incorporar as empresas afectadas polos respectivos convenios colectivos, e sen prexuízo da alternativa de instrumentar o compromiso a través de calquera dos instrumentos previstos na disposición adicional primeira do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro.

O prazo de adaptación de tales compromisos estendeuse ata o 31 de decembro de 2005 en virtude da disposición adicional terceira da Lei 4/2004, do 29 de decembro, de modificación de taxas e de beneficios fiscais de acontecementos de excepcional interese público.

Mediante este real decreto lei amplíase o prazo de adaptación dos referidos compromisos ata o 31 de decembro de 2006 e regúlanse certas condicións técnicas especiais dos contratos de seguro e plans de pensións que se formalicen para a súa instrumentación.

III

En ambos os casos está xustificada a extraordinaria e urxente necesidade desta medida lexislativa.

No caso das comisións de control dos plans de emprego, cabe sinalar que o criterio xeral de composición paritaria da comisión de control supuxo a introdución dun novo equilibrio no proceso de adopción de

decisións nun instrumento de previsión social que afecta tanto traballadores como empresarios. Non obstante, non se pode esquecer o feito de que os plans de pensións anteriores á reforma se crearon baixo unhas determinadas normas, que empresarios e traballadores valoraron á hora de decidir como instrumentar os seus acordos en materia de pensións de xubilación nesta figura. A modificación posterior da composición das comisións de control preexistentes ao momento da entrada en vigor da Lei 24/2001, do 27 de decembro, implica unha alteración substancial das condicións iniciais, establecendo outras que, de teren existido no momento da constitución dos distintos plans, poderían ter conducido as empresas e os seus traballadores a non proceder a tal constitución ou a acordar contidos diferentes dos compromisos ou das normas de funcionamento dos plans de pensións.

Por outro lado, a imposibilidade de obter un acordo expreso de negociación colectiva que permita fixar a composición da comisión de control (paritaria ou non) dentro do prazo que finaliza o 31 de decembro de 2005, suporá a aplicabilidade «ex lege» do sistema paritario, o cal podería afectar o equilibrio inicialmente alcanzado entre as partes ao abeiro da regulación anterior, e dar lugar a que se cuestione a lexitimidade das comisións de control e a eficacia das súas actuacións.

Por todo o exposto, e tendo en conta que, en todo caso, a normativa actual exige un réxime de acordos que supón o referendo do promotor ou dos representantes dos partícipes para determinadas decisións que afectan especialmente os seus intereses respectivos, este real decreto lei introduce unha modificación normativa do réxime transitorio que lles permitirá ás comisións de control preexistentes á entrada en vigor da Lei 24/2001, do 27 de decembro, manter a súa composición, salvo que a negociación colectiva acorde outra distinta.

De non estar aprobada esta medida antes do 1 de xaneiro de 2006, faltando acordo expreso de negociación colectiva, a partir da devandita data aplicaríase directamente o criterio xeral de composición paritaria, situación que pode dar lugar ao conflito de intereses entre as partes que non puidesen impulsar a tempo os procesos de negociación colectiva para tal fin. O carácter automático do criterio xeral pode alterar o equilibrio alcanzado no seu día ao acordar o réxime de adopción de acordos, e ocasionar inseguridade xurídica respecto das actuacións da comisión de control, con risco de bloqueo do funcionamento do órgano de control e supervisión do plan.

De igual maneira, no caso dos premios de xubilación está xustificada a extraordinaria e urxente necesidade de aprobar este real decreto lei antes do 1 de xaneiro de 2006, porque se considera igualmente de necesidade ampliar o prazo de adaptación, xa que o actualmente concedido para a súa exteriorización, que finaliza o próximo 31 de decembro de 2005, resulta insuficiente para os procesos de negociación conducentes á adaptación dos citados compromisos por pensións e, de ser o caso, á promoción de plans de promoción conxunta para integrar tales compromisos. Hai que ter en conta que os premios de xubilación están estendidos en moitos e heteroxéneos sectores de actividade que comprenden gran número de empresas de pequena e mediana dimensión, e é necesario abordar e completar os procesos de negociación conducentes á súa exteriorización. Así mesmo, considérase de extraordinaria e urxente necesidade regular certas condicións técnicas dos contratos de seguro e plans de pensións que instrumenten estes compromisos de xubilación, que lles permitan ás empresas flexibilizar o financiamento dos seus custos, facilitando así a adaptación dos citados compromisos no prazo sinalado.

Na súa virtude, en uso da autorización concedida no artigo 86 da Constitución Española, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Eco-

nomía e Facenda, e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do 30 de decembro de 2005,

DISPONGO:

Artigo primeiro. *Modificación do réxime transitorio de adaptación das comisións de control dos plans de pensións de emprego ao previsto no punto 3 do artigo 7 do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.*

O antepenúltimo parágrafo da disposición transitoria segunda do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro, queda redactado do seguinte modo:

«Os plans de pensións de emprego existentes en 31 de decembro de 2001 manterán a distribución de representantes na comisión de control do plan prevista nas súas especificacións na devandita data, ou a establecida en modificacións posteriores das especificacións por acordo de negociación colectiva. En todo caso, nos plans de pensións que non adaptasen as súas especificacións ao establecido nas alíneas b) e c) do artigo 7.3 desta lei antes do 1 de xaneiro de 2006, os devanditos preceptos aplicaranse directamente.»

Artigo segundo. *Prazo de adaptación e condicións especiais para o aseguramento de determinados compromisos por pensións vinculados á xubilación.*

Amplíase ata o 31 de decembro de 2006 o prazo de acomodación dos compromisos por pensións a que se refire a disposición adicional décimo quinta da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro.

A instrumentación dos citados compromisos axustárase ao previsto na disposición adicional primeira do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro, e o seu desenvolvemento regulamentario, coas seguintes especialidades:

1. O financiamento do custo do compromiso devengado na data de formalización do contrato de seguro ou do plan de pensións poderase instrumentar mediante primas ou achegas periódicas ata a primeira idade de posible acceso á xubilación do asegurado ou partícipe.

2. No cálculo das primas ou achegas poderanse aplicar hipóteses de permanencia no cadro de persoal baseadas na experiencia dos sectores de actividade, revisables periodicamente e contrastables co comportamento real dos colectivos afectados.

As desviacións positivas e negativas que se produzan no comportamento real das hipóteses de permanencia no cadro de persoal, utilizadas no cálculo das primas ou achegas, serán asumidas polo tomador ou promotor.

O ministro de Economía e Facenda poderá establecer os requisitos para a elaboración, aplicación e revisión das devanditas hipóteses, logo da consulta cos interlocutores sociais.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 30 de decembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

21602 *REAL DECRETO 1609/2005, do 30 de decembro, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, en materia de salario medio anual do conxunto de contribuíntes e de retencións e ingresos á conta sobre rendementos do traballo. («BOE» 313, do 31-12-2005.)*

O punto 1 do artigo 103 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2004, do 5 de marzo, establece que as retencións e ingresos á conta sobre os rendementos do traballo derivados de relacións laborais ou estatutarias e de pensións e haberes pasivos se fixarán regulamentariamente, tomando como referencia o importe que resultaría de aplicar as tarifas á base da retención ou ingreso á conta.

Facendo uso da citada habilitación, e considerando que entre as previsións económicas do Goberno figura a do mantemento do poder adquisitivo dos salarios e as pensións, resulta necesario que, como medida complementaria, se produza unha actualización dos tramos da escala de retencións regulada no artigo 83.1 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, aplicable aos rendementos do traballo a que se refire o artigo 78.1.1.º do citado regulamento, de maneira que parte da vantaxe obtida non se vexa compensada como consecuencia da posterior aplicación dunha escala de retencións allea á elevación de rendas nominais.

En consecuencia, procédese a modificar o punto 1 do artigo 83 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, e defláctase nun 2 por cento cada un dos tramos da tarifa regulada nel.

Por outra parte, o artigo 17.2 a) do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2004, do 5 de marzo, contén no seu último parágrafo a habilitación regulamentaria para a determinación do salario medio anual do conxunto dos declarantes no imposto, magnitude que intervéñe no cálculo da contía máxima sobre a que se aplica, de ser o caso, a redución do 40 por 100 dos rendementos do traballo que deriven do exercicio de opcións de compra sobre accións ou participacións polos traballadores. Este real decreto modifica o punto 4 do artigo 10 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, para actualizar a contía desta magnitude.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de decembro de 2005,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo.*

O Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, modifícase nos seguintes termos: